

6.3. Procedementos e instrumentos de avaliación

Área / Materia	Instrumentos de avaliación	Peso	Observacións
LINGUA GALEGA e LITERATURA 1.º, 2.º, 3.º e 4.º ESO	Coñecementos adquiridos e manifestados nos distintos exames, exercicios, traballos, etc.	50 %	Para poder aprobar a materia será de obrigada lectura o libro encomendado para cada avaliación.
	Claridade lectora, comprensión dos textos lidos, riqueza e precisión oral e escrita, competencia gramatical e riqueza léxica, dominio efectivo das normas ortográficas, capacidade para manexar fontes de información, etc.	40 %	As faltas de ortografía cometidas en todo tipo de escritos (exercicios, traballos, exames, etc.) penalizaranse con ata un máximo de tres puntos, conforme ao seguinte baremo: · Un erro no emprego das grafías: 0,2 puntos. · Un erro de acentuación ou puntuación: 0,1 puntos.
	Actitudes exhibidas ao longo do curso, reflectidas na súa asistencia, puntualidade, participación e comportamento na clase; na dilixencia e pulcritude na entrega de traballos, exercicios, etc., no seu interese cara ás distintas manifestacións lingüísticas e literarias estudadas durante o curso.	10 %	A deficiente presentación (caligrafía, marxes e sangrías, riscaduras, etc.) dos escritos, poderá dar lugar a unha penalización de ata 1 punto na súa cualificación.

Nos primeiros días do curso farase a todos os alumnos unha **avaliación inicial** para, deste xeito, coñecer o seu nivel de contidos e competencias e valorar a posible adaptación ou repaso de contidos que conveña facer. Esta avaliación partirá dos mínimos esixibles para unha avaliación positiva do curso anterior, e abranguerá unha batería de exercicios de menor a maior dificultade que analicen o nivel, atendendo a expresión oral e escrita e a comprensión oral e escrita.

O curso estará dividido en tres avaliacións, dentro das cales quedarán insertas a avaliación formativa (que seguirá o proceso de aprendizaxe) e a sumativa (que determinará os resultados ao final de dito proceso), cuxas datas se especificarán no Plan Xeral Anual. Finalmente, haberá unha convocatoria ordinaria no mes de xuño e outra extraordinaria en setembro.

6.4. Motivos para a perda do dereito á avaliación continua

Os alumnos de ESO poderán perder o dereito á avaliación continua se faltan á clase inxustificadamente (ao longo do curso). De darse este suposto, o alumno absentista terá dereito a un exame final, que realizará o departamento por cursos. O número máximo de faltas que un alumno poderá ter, segundo o curso, é o seguinte (se chega a este límite perderá o dereito á avaliación continua): 2º, 3º e 4º cursos: 20 faltas; 1º curso: 25 faltas.

6.5. Programas de recuperación

6.5.1. Materia durante o curso

Xunto á corrección de probas obxectivas ordinarias, a observación sistemática do traballo diario e aqueles instrumentos que, no seu caso, cada profesor considere (fichas, guías de lectura ou de traballo, realización de traballos, recompilación de información, exposicións orais ou escritas...), o docente poderá, se así lle parece oportuno, realizar algunha proba de recuperación.

6.5.2. Materias pendentes doutros cursos

No caso dos alumnos que pasen de curso coa materia suspensa do curso anterior, estes deberán preparala a través dos traballos requiridos polo profesor ao longo do curso, para superar así as probas concretas de recuperación da materia.

6.5.3. Probas extraordinarias

As probas extraordinarias da ESO consistirán na realización dunha proba obxectiva (para todos os cursos) que partirá dos contidos mínimos, previstos nesta programación, para cada curso. Os devanditos contidos serán comunicados aos alumnos coa suficiente antelación.